

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG do 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2022, en relación co terceiro exercicio do proceso selectivo, que consistirá na realización dun suposto práctico elixido entre tres propostos polo tribunal correspondentes aos temas de recursos humanos, xestión económica e xestión académica que figuran no programa, diante das numerosas consultas que se teñen recibido sobre o contido e estrutura desta proba, acorda facer público o seguinte:

Cada suposto práctico terá un contido predominantemente dunha das áreas indicadas na convocatoria, un por área, pero non exclusivo. Os supostos poderán conter preguntas sobre o resto dos temas do programa que son de carácter transversal, por ter incidencia na xestión das tres áreas que se citan.

As demais cuestións relacionadas cos criterios de corrección e a organización da proba faranse públicas nos primeiros días do mes de setembro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Taboleiro Electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 28/07/2022 20:19:41.

CSV: D9CE-4B10-4430-A15C